Resolución reitoral do 3 de novembro de 2026, pola que se modifica a resolución de competencias lingüísticas

A Resolución reitoral do 2 de marzo de 2023 actualizou as competencias lingüísticas adquiridas polo estudantado das titulacións de grao da Universidade de Santiago de Competela e dispuxo que, para a súa acreditación, bastaba con ter superados os módulos indicados no seu anexo, sen necesidade de ter rematada a correspondente titulación. Para os graos en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Linguas e Literaturas Modernas, o Anexo atribúe actualmente á Formación Básica da Lingua Inglesa o nivel B1.

A Xunta da Facultade de Filoloxía, na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2026, acordou informar favorablemente o recoñecemento do nivel B2 para as materias de formación básica Lingua Inglesa 1 e Lingua Inglesa 2 dos mencionados graos e solicitar, en consecuencia, a modificación do nivel B1 actualmente recollido na Resolución reitoral, segundo consta na certificación expedida polo secretario da Facultade.

A solicitude do Decanato fundamenta a modificación, esencialmente, na implantación no curso 2026-2027 dos novos plans de estudos e no feito de que a memoria do Grao en Lingua e Literatura Inglesas establece que coa superación das materias de formación básica Lingua Inglesa 1 e Lingua Inglesa 2 o estudantado acada un "nivel B2.1" segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)". A Facultade sinala tamén as consecuencias favorables do recoñecemento do B2 para a mobilidade internacional do estudantado e solicita expresamente a actualización da Resolución reitoral do 2 de marzo de 2023.

En vista de todo o anterior, esta reitoría

RESOLVE:

PRIMEIRO.-

Actualizar o cadro Anexo á Resolución reitoral do 2 de marzo de 2023, onde se lle atribúe un nivel B1 ás competencias linguísticas adquiridas polo estudantado do Grao en Filoloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Linguas e Literaturas Modernas que supere o módulo de formación básica da Lingua Inglesa, asignándolle á Formación Básica da Lingua Inglesa un nivel B2.

SEGUNDO.-

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Para a acreditación destas competencias lingüísticas será suficiente con ter superado o módulo indicado no anexo, polo que non será preciso ter rematada a titulación correspondente.

TERCEIRO.-

Queda derrogado, no que se opoña á presente resolución reitoral, o Anexo á resolución reitoral do 2 de marzo de 2023.

Esta resolución entrará en vigor desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade.

A reitora

Rosa M. Crujeiras Casais

ANEXO

Titulación	Materia / Módulo	Competencia lingüística (MERCL)
Grao en Ciencias da Cultura e difusión Cultural	G5101105 Idioma Moderno I (Lingua Inglesa)	B1
	G5101104 Idioma Moderno I (Lingua Francesa)	B1
	G5101115 Idioma Moderno II (Lingua Inglesa)	B1
	G5101114 Idioma Moderno II (Lingua Francesa)	B2
Grao en Filoloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Linguas e Literaturas Modernas	Formación Básica da Lingua Alemá	A2
	Formación Básica da Lingua Francesa	A2
	Formación Básica da Lingua Inglesa	B2
	Formación Básica da Lingua Italiana	A2
	Formación Básica da Lingua Portuguesa	B1
Modalidade Maior das titulacións:	Maior en Lingua e Cultura Alemás	C1
	Maior en Lingua e Literatura Francesas	C2
	Maior en Lingua e Literatura Inglesas	C2

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Grao en Linguas e Literaturas Modernas (alemán, francés, italiano, portugués) e Grao en Lingua e Literatura Inglesas	Maior en Lingua e Literatura Italianas	C1
	Maior en Lingua e Literatura Italianas + Módulo optativo de especialización en LL Italianas	C2
	Maior en Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas	C2
Modalidade Minor dos graos en linguas: Grao en Filoloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Lingua e Literaturas Modernas de Alemán; Francés; Italiano; Portugués	Estudos Ingleses	C1
	Estudos Lusófonos	C1
	Lingua e Literatura Alemás	B2
	Lingua e Literatura Francesas	B2
	Lingua e Literatura Italianas	B2
Outros módulos dos graos en linguas: Grao en Filoloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Lingua e Literatura Modernas (alemán; francés; italiano; portugués; linguas románicas)	Módulo Complementario en Estudos Ingleses I	B2
	Módulo Complementario en Estudos Lusófonos I	B2
	Módulo Complementario en Lingua e Literatura Alemás	B1
	Módulo Complementario en Lingua e Literatura Francesas I	B1
	Módulo Complementario en Lingua e Literatura Italianas I	B1
	Módulo de Catalán. Lingua, Cultura e Literatura	B1
	Módulo de Lingua e Literatura Occitanas	A2
	Módulo de Lingua e Literatura Romanesas	A2
	Módulo de Lingua e Literatura Danesas	B1
Alumnos con lingua materna distinta do español e do galego que cursen algún dos graos en linguas	Formación Básica da Lingua española	B1
	Formación Básica da Lingua galega	B1
	Módulo complementario en Lingua e Cultura Catalá	B1
Grao en Mestre en Educación Infantil (Orde ECI/3854/2007, 27 de decembro pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten	Aprendizaxe de linguas en Contextos multilingües (mód. Didáctico Disciplinar - Inglés)	B1

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil)		
Grao en Mestre en Educación Primaria (Orde ECI/3857/2007, 27 de decembro pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Primaria)	Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas (Alemán, Inglés, Portugués e Francés)	B1
Alumnos con lingua materna distinta do español e do galego que cursen algún dos graos de Mestres acadarán a competencia lingüística de Castelán e Galego equivalente ao		C1
Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas	Inglés para comunicación comercial II	B1
Grao en Xestión Cultural (modalidades presencial e semipresencial)	Inglés para usos profesionais I	B1
	Inglés para usos profesionais II	B2
	Linguas internacionais para a xestión cultural. Francés	A2
	Linguas internacionais para a xestión cultural. Portugués	B1

Titulados conforme a ordenacións anteriores ao RD 1393/2007

Licenciados en Filoloxía que inclúan o estudo dunha lingua estranxeira como materia obrigatoria	B1
Licenciados en Humanidades que teñan superadas as seguintes materias dunha mesma lingua: Primeira Lingua Estranxeira (Francés I, Inglés I); Primeira Lingua Estranxeira (Francés II, Inglés II); Literatura da primeira Lingua Estranxeira I (Francés/Inglés)	B1
Mestres Especialidade en Lingua Estranxeira	B1
Alumnos que teñan superadas materias dunha lingua estranxeira nestas ou outras titulacións, que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais e o número mínimo de créditos da totalidade destas materias dunha mesma lingua sexa de 24	B1

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.